



## Tertulias literarias

# A

### BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA ABRIL – XUÑO 2021

# A

#### 1) Ordesa, de Manuel Vilas

7 a 21 abril



Crónica íntima da España das últimas décadas, pero tamén unha narración sobre todo o que nos lembra que somos seres vulnerables, sobre a necesidade de erguernos e seguir adiante cando nada parece facelo posible, cando case todos os lazos que nos unían aos demais desapareceron ou rachámoslos. E sobrevivimos.

*Premio Femina Étranger 2019*

#### 2) El cielo es azul, la tierra blanca, de H. Kawakami

21 abril a 5 maio



Tsukiko ten 38 anos, unha vida solitaria e considera que non está dotada para o amor. Cando atopa de novo ao seu vello mestre de xaponés, establecen un pacto para compartir a soidade. Así, a súa relación evoluciona dun coñecemento superficial a un agradable compañeirismo e, finalmente, ata unha profunda relación sentimental.

*Premio Tanizaki 2001*

#### 3) Feliz idade, de Olga Novo

Día das Letras Galegas

5 a 19 maio



Olga Novo tende unha mecha desde a xeración que a precedeu á que lle segue; entre o onte e o mañá da estirpe, alén do pasamento do pai e da nenez da filla. Nese punto, no territorio puro e esperanzado do presente, estes versos ofrécennos o avanzar dun lume libertario ao que lectoras e lectores asistimos enmeigadas.

*Premio Nacional de Poesía 2020*

#### 4) La impaciencia del corazón, de Stefan Zweig

19 maio a 2 xuño



O novo e inexperto tenente de cabalería austriaco Anton Hofmiller comprométese por compaixón coa filla discapacitada do ennobrecido xudeu húngaro Lajos von Kekesfalva.

*Un dos cumios da literatura europea de entreguerras*

**Fin tempada**